

## **Colección: Fondo: Xosé María Álvarez Blázquez no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez  
do 28/04/1966**

**Colección:**

**Data:** 28/04/1966

**De:**

Ricardo Carballo Calero;

**Para:**

Xosé María Álvarez Blázquez;

**Orixe:**

Rúa da Aviación Española, 37 (de enderezo), Lugo (municipal), Lugo (comarcal)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Arquivo persoal de X. M. Á. B.

**Temáticas:**

Epistolario de Ricardo Carballo Calero; *Égloga Belmiro e Benigno*; *Artes*; *Literatura*;

**Mencionados:**

Aurelio Aguirre; Pardo de Cela;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez do 28/04/1966**

COLEGIO FINGOY LUGO

28, abril, 1966

Sr. Don Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez  
Vigo

Meu querido amigo: Fai tempo que lin en “Cuadernos” o teu traballo sobre literatura relativa ao Mariscal. Agora recibo a separata que che agradezo moito. Ben quixera compracerte dádoche unha opinión meditada acerca do teu estudo. Non me será difícil facerche comprender que ando esmagado polas angurias e que de momento non dispoño de vagar pra manexar “o escalpelo”. Ti sabes tanto coma min diste vertixinoso vivir arrebatado por mil deberes ineludibles que lle merman a un o tempo. Incrementadas as miñas obrigas docentes e complicado todo co meu oscilar entre Santiago e Lugo, vexo aterrado cómo a duras penas salen as miñas tarefas cotiáns, e non son dono de dar abasto ás que, como a Gramática, sendo urxentes, non está suxeita a un prazo fixo, anque a súa demora me valla constantes admonicións. Final de curso este tempo, con centenaes de alumnos se sumamos os dos tres centros nos que traballo, apenas por facer frente á situación. Vemos, pois, de agardar ate que poda estudar seriamente o teu traballo.

Craro está que é de grandísimo interés. Fica firmemente demostrado que Saavedra refundiu anacos de dous poemas distintos sobre o Mariscal, perfectamente calificados por ti. É tamén indudable, ao meu xuício, que a “Relazón” prosifica algo dun deles. Cánto, en qué medida se atopan na prosa aqueles versos díste, é dicir, ata que punto a túa reconstrucción ten posibilidades de ser esacta, é o que non podería dicir sen estudala verso por verso, e iso farei axiña que poda. Hai outros moitos aspeitos das túas conclusións que aportan outras luces ou plantean novos problemas e e merecen a atención máis esmerada. En fin, felicítote efusivamente por tan fremosa aportación aos nosos estudos literarios. Non che ocultarei que fai tempo crín ter achado unha noticia que resolvería o problema da verba ou verbas “Todomira” confirmando i espricando a leición de Freijomil, pero agora, querendo dar con isa noticia pra cha comunicar que non a acho acho onde imaxinaba que a vira, e como a atopara por azar, cando non estaba preocupado por ista cuestión, non tomei ningunha nota, empezo a pensar que estóu trabucado, e que hai en min alguna confusión e nunca albisquei cousa sobre o particular. Endebén, hei seguir esculcando ate me convencer de que soñéi, ou ate dar de novo co dado, en cuio caso non deixaría de aportarcho. Gostaríame ter pronto ocasión de falar contigo de todo isto e outras moitas cousas. Veremos agora as luces que Filgueira aporta no seu anunciado traballo dos “Cuadernos”.

É tamén interesante o teu descubrimento do pouco galego de Aguirre. E un grande Colón dos nosos tempos. Por certo que outra cousa sobre a que tiña tamén algo que dicir é a túa reconstrucción dos versos corruptos da égloga de Belmiro e Benigno. Xa non me acordo ben. Era algo de pouco monta, pero cando fagas a edición crítica dise texto volveréi a ler o teu traballo e che indicarei o que se me ocorra sobre algún verso.

Unha forte aperta do teu amigo. Ricardo.



## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.